




CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS

CIDADÁNS CRÍTICOS

Modalidade 3

Proxectos realizados na materia de libre configuración de 2º de ESO
Investigación e Tratamento da Información/Proxecto Competencial
ou noutras materias equivalentes en ESO ou primaria.

Código: 36020374

Centro: IES Valadares

Localidade: Vigo

Provincia: Pontevedra

1. Introducción	3
1.1. Xustificación	3
1.2. Planificación do proxecto “Cidadáns críticos”	4
1.3. Profesorado participante e organización	5
2. Obxecto ou temática de investigación proposta	6
3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta	8
4. Documentación elaborada para profesorado e alumnado	8
5. Relación das tarefas máis importantes realizadas	9
6. Recursos e fontes consultadas para a investigación	12
6.1. Publicistas do Sobreiral	12
6.2. Cita a cegas cun libro	12
6.3. Pioneiras	13
7. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa	14
8. Avaliación	14
8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación	14
8.2. Criterios de avaliación	14
9. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso	16

1. Introducción

1.1. Xustificación

A materia de Proxecto Competencial debe enfocarse ao desenvolvemento no alumnado dunha actitude responsable e crítica a partir da toma de conciencia das problemáticas ás que se enfrontan a sociedade. Por iso, os deseños dos proxectos deben ser significativos e desenvolverse en contextos reais. Ademais contribuirán á alfabetización informacional e dixital, empregando destrezas e habilidades na procura e na selección de información, o uso ético desta e a xeración de contidos, e introducindo as tecnoloxías da información. Partindo deste enfoque, recollido no currículo da materia, elaborouse o [programa da asignatura](#) en tres bloques incidindo na importancia da transformación da información en coñecemento. Baixo o título *Cidadáns críticos* deséñase un proxecto que está composto por tres tarefas.

Avaliación	Liñas de actuación	Tarefas
1ª	A biblioteca como centro de recursos	<i>Publicistas do Sobreiral</i>
2º	A biblioteca como centro de investigación	<i>Cita a cegas cun libro</i>
3ª	A biblioteca como centro de oportunidades	<i>Pioneiras</i>

A primeira liña de traballo centrouse na formación de usuarios. O alumnado aprendeu a utilizar a biblioteca como un centro de recursos e aplicou o aprendido creando diferentes tipos de produtos (carteis, podcast, vídeos...).

Na segunda proposta aprenderon a buscar e seleccionar información en libros da biblioteca de diferentes temáticas: animais, cambio climático, arte, astronomía... Crearon un portafolio en drive e unha presentación dixital.

Finalmente, aplicaron os coñecementos adquiridos investigando sobre unha muller relevante. Desta vez a busca de información fíxose en libros e na rede; o produto final foron carteis informativos. As actividades propostas reforzaron aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade, a conexión entre os diferentes saberes e a mobilización conxunta das competencias necesarias para utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.

1.2. Planificación do proxecto “Cidadáns críticos”

Esta está dirixida a desenvolver as competencias a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. É preciso subliñar que estas foron as competencias máis traballadas:

- **Competencia en comunicación lingüística:** o alumnado interactuou de forma oral, escrita ou multimodal (vídeos, podcast, entradas nas redes...).
- **Competencia en comunicación plurilingüe:** aproveitáronse os perfís lingüísticos individuais para desenvolver estratexias para facer transferencias entre as linguas.
- **Competencia dixital:** fíxose un uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe e para a interacción con estas.
- **Competencia cidadá:** as investigacións contribuíron a unha reflexión sobre aspectos relevantes da sociedade e fomentar un pensamento crítico.
- **Competencia en conciencia e expresión culturais:** o proceso de elaboración de coñecemento conleva a comprensión e respecto das ideas e das opinións de distintas culturas.

Tres son os obxectivos que van asociados a estas competencias:

- Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. (CL, CD, CPSA, CC, CE, CCE, CCC)
- Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais.. (CL, TEAM, CDL, CPSA, CC)
- Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e co uso de recursos informáticos e audiovisuais. (CL, CP, STEAM, CD, CPSA, CCE)

1.3. Profesorado participante e organización

Profesorado participante	Clases
Mª Asunción Carballo Rodríguez	1º ESO A e 1º ESO B
Alejandra López Pérez	1º ESO C e 1º ESO D

Horario	Clases
Xoves 09:35-10:25	1º ESO A e 1º ESO D
Martes 11:30-12:25	1º ESO B e 1º ESO C

Organización e espazo	Profesorado de apoio
Xúntanse dúas aulas na biblioteca.	Ana Fuentes (PT) 1º ESO D
	Carlos Quintas (Coidador) 1º ESO C

2. Obxecto ou temática de investigación proposta

A materia organizouse en tres bloques que pretendían acadar os seguintes obxectivos:

A biblioteca como centro de recursos: *Publicistas do Sobreiral*

- Liñas de traballo:
 - Organización e funcionamento. Préstamos e devolucións.
 - Colocación de materiais. CDU.
 - Catálogo virtual.
- Obxectivos:
 - Facer formación de usuarios.
 - Aprender a utilizar a biblioteca.
 - Deseñar unha campaña publicitaria.
 - Valorar a importancia da biblioteca como un centro de recursos.

A biblioteca como centro de investigación: *Cita a cegas cun libro*

- Liñas de traballo:
 - Busca de información:
 - Tema ou título da investigación. Palabras clave.
 - Fontes: os libros.
 - Estratexias de busca: partes dun libro.
 - Tratamento da información: cadro de recollida de datos e textos.
 - Comunicación do coñecemento: presentación dixital en drive.

- Obxectivos:
 - Aprender a buscar e a seleccionar información en diferentes fontes.
 - Aprender a empregar estratexias de busca nun libro.
 - Utilizar distintas ferramentas de traballo.
 - Indagar sobre diferentes temas relacionados coas ciencias e as artes.
 - Establecer relación entre os coñecementos previos e os adquiridos.
 - Achegar ao alumnado ao libro de non ficción.

A biblioteca como centro de oportunidades: *Pioneiras*

- Liñas de traballo:
 - Busca de información:
 - Tema ou título da investigación.
 - Palabras clave.
 - Fontes: os libros e internet.
 - Estratexias de busca: partes dun libro, busca eficaz na rede.
 - Tratamento da información: cadros de recollida de datos e creación de textos.
 - Comunicación do coñecemento: Elaboración de carteis en canva.
- Obxectivos:
 - Aprender a empregar estratexias de busca na rede.
 - Transformar a información en coñecemento.
 - Comunicar o aprendido.
 - Investigar sobre mulleres de diferentes ámbitos.
 - Reflexionar sobre a importancia da muller na historia.

3. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta

No mes de setembro deseñouse a [programación](#) da materia e determináronse as tres liñas de traballo. O obxectivo era crear un itinerario de alfabetización informacional nesta materia. Por iso, o primeiro paso debería ser afondar nos principios da formación de usuarios para poder avanzar nas seguintes propostas. Seguindo o modelo das tres fases de Gloria Durban deciduse incidir en cada avaliación nunha destas fase: busca na primeira, tratamento da información na segunda e comunicación do coñecemento na terceira.

4. Documentación elaborada para profesorado e alumnado

As profesoras implicadas neste proxecto traballaron conxuntamente nunha carpeta compartida de drive onde se foi creando todo o material. En primeiro lugar fíxose unha planificación de cada unha das tarefas propostas e posteriormente deseñáronse propostas de traballo para o alumnado. Todo este material subiuse a [aula virtual](#).¹ Empregáronse outras aplicacións para a creación deste material: genial.ly e sites.

Cada tarefa estaba organizada en diferentes actividades. Deseñáronse exercicios para cada unha que se fotocopiaban para entregar á rapazada. O alumnado gardaba o material nunha carpeta do equipo e/ou na carpeta compartido de drive. No material adxunto e nos enlaces que hai na explicación de actividades amósase cada unha destas propostas.

¹ Pódese acceder á aula virtual coma convidado.

5. Relación das tarefas² máis importantes realizadas

Tarefa 1: *Publicistas do Sobreiral*

Punto de partida

Visita guiada pola biblioteca. Repaso das actividades de formación de usuarios que recibiu todo o alumnado a principio de curso.

Actividades iniciais

- Explicación en gran grupo.
- Resolución de retos en equipos cooperativos: [reto 1](#), [reto 2](#), [reto 3](#).
- Tormenta de ideas para decidir propostas para o produto final.

Actividades durante o proceso

- [Reparto](#) de seccións e de produtos finais.
- Elaboración dun guión provisional.
- [Selección de información](#).
- Selección da [aplicación](#) que se ía empregar.

Actividades finais

- Gravación dos podcast na radio seguindo a [escaleta](#) da nosa radio.
- Gravación de vídeos cos Ipads.
- Deseño de carteis en canva

Produto final

- [Campaña publicitaria](#) da biblioteca.
 - Convertemos ao alumnado en publicistas do Sobrerial.
 - Cada equipo cooperativo encargouse dun dos produtos; crearon carteis, vídeos, podcast, bailes...

² Dende a aula virtual pódese acceder a cada unha das tarefas propostas.

Punto de partida

Cada equipo cooperativo recibe un libro e un título. Tendo en conta estes dous elementos deberán delimitar o seu traballo de investigación.

Actividades iniciais

- Recoñecemento das [partes dun libro](#). Análise da información que aporta cada unha delas.
- Estratexias de busca: partes dun libro.

Actividades durante o proceso

- [1ª Fase](#): Buca de información
 - Identificación do [tema ou título](#) da investigación.
 - Selección de palabras clave.
 - Elaboración dun guion provisional.
 - [Estratexias de busca](#): busca eficaz na rede.
- [2º Fase](#): Tratamento da información
 - [Lectura comprensiva](#) e [lectura interpretativa](#) dos textos seguindo unhas pautas.
 - Recollida de información en cadros.

Actividade final

- Deseño dunha [presentación dixital](#) en drive.

Produto final

- [Cita a cegas cun libro](#)

Punto de partida

Cada [equipo cooperativo](#) recibe un [libro de non ficción](#) e unha ruta de traballo organizada en tres retos.

Reto 1: [tarxeta de identificación](#)

- Investigación sobre unha muller pioneira nun ámbito.
- Selección de información sobre a súa biografía.
- Elaboración dun cadro de recollida de datos sobre a muller investigada.

Reto 2: [investigación](#)

- Selección de aspectos relevantes sobre a súa vida e a súa obra.
- Identificación de palabras claves de cada tema.
- Análise de diferentes páxinas web atendendo a diferentes criterios.
- Investigación en diferentes fontes.
- Elaboración dun cadro de recollida de datos coa información relevante.

Reto 3: [reseña](#)

- Selección dun libro relacionado coa muller proposta ou o seu ámbito de coñecemento. Identificación de datos importantes sobre o libro: título, autor/a, data de publicación, argumento...
- Elaboración dunha reseña do libro.

Produto final

- [Pioneiras](#)

6. Recursos e fontes consultadas para a investigación

Os libros³ de non ficción xogaron un papel moi importante neste proxecto. Ademais empregáronse outro tipo de recursos deseñados polo equipo de biblioteca. Este curso participou nun Grupo de Traballo sobre ALFIN. O produto final foi a creación dun espazo web que recolle un programa sistematizado de como traballar o proceso da información co alumnado. [Traballando coa información](#) foi un dos principais recursos consultados nas tres tarefas.

6.1. Publicistas do Sobreiral

Nesta tarefa empregáronse diferentes recursos e materiais da biblioteca. En relación cos recursos podemos destacar: Ipads e trípodes do espazo audiovisual e o laboratorio de radio. En relación cos materiais hai que mencionar a información que están subidos no blog sobre o funcionamento da biblioteca: [A biblioteca por dentro.](#)

6.2. Cita a cegas cun libro

Descubrímonos	Libros
Observa o mundo	<i>Veo el mundo</i>
Escoita o mundo	<i>Fuerte, suave, murmurando</i>
Coídate	<i>Eureka</i>
Entrena o teu corpo	<i>La respuesta eres tú</i>
Somos simios	<i>Tú humano, eres un simio</i>
Memoria biolóxica	<i>Hazte humano</i>
Coñece o teu corpo	<i>¿Por qué no noto que la tierra gira?</i>

³ Pódense consultar no noso [catálogo](#) as listas dos libros que se empregaron en cada tarefa.

Descubrimos o mundo	Libros
A ruta da seda	<i>Atlas de los grandes viajes</i>
Unha viaxe pola Antártida	<i>El viaje de Shackleton</i>
Unha ruta para coñecer o mundo	<i>Viajar sin prisa</i>
Imos de expedición	<i>Cómo conquistar los polos de la tierra</i>
Un día na Antártida	<i>El Ártico y la Antártida</i>

6.3. Pioneiras

Muller	Libro do itinerario	Libro da investigación
Malala	<i>O lápis máxico (82A)</i>	<i>Mujeres 2</i>
Rosa Parks	<i>El autobús de Rosa (82A)</i>	<i>Mujeres 1</i>
Mary Shelly	<i>Frankenstein (822N)</i>	<i>Las chicas son guerreras</i>
Clara Campoamor	<i>Sufragista (82C)</i>	<i>Las chicas son guerreras</i>
Marie Curie	<i>Marie Curie (82C)</i>	<i>Supermujeres inventoras</i>
Isabel Zendal	<i>Os nenos da variola (821N)</i>	<i>Pioneiras galegas 1</i>
Maruja Mallo	<i>Ellas iban sin sombrero (82)</i>	<i>Galegas na arte</i>
Hedy Lamarr	<i>Valerosas 2 (82C)</i>	<i>Mujeres 2</i>
Ada Lovelace	<i>Os corpos invisibles (821N)</i>	<i>Mujeres de ciencia</i>
Hildegarda de Bingen	<i>Diccionario de música (78)</i>	<i>Mujeres 3</i>
Agatha Christie	<i>Dez negriños (821N)</i>	<i>Mujeres 4</i>
Gloria Fuertes	<i>Lo que pasa es que te quiero</i>	<i>Mujeres 3</i>
Antonia Ferrín	<i>Allá arriba (52)</i>	<i>Pioneiras 2</i>
Alice Guy-Blaché	<i>La guía Filmaffinity (78)</i>	<i>Mujeres 1</i>

7. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

Os traballos realizados didundíronse no blog na biblioteca [O Sobreiral das palabras](#) e nas redes sociais (Instagram e Twitter). O traballo de *Publicistas no Sobreiral* incluírase no material de formación de usuarios que se empregará o curso pasado para a formación do novo alumnado de 1º ESO. Os produtos finais de *Cita a cegas cun libro* e *Pinoneiras* pasará a formar parte dos [Recursos dixitais](#) da biblioteca.

8. Avaliación

8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación empregados foron listas de cotexo que acompañaban a cada unha das actividades. No material adxunto poderanse consultar modelos de instrumentos de avaliación empregados.

8.2. Criterios de avaliación

Tarefa 1: Criterios de avaliación

CA1.1 Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.

CA1.2 Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.

CA1.3 Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.

CA1.4 Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.

CA1.5 Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.

Tarefa 2: Criterios de avaliación

CA2.1 Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.

CA2.2 Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.

CA2.3 Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.

CA2.4 Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.

CA2.5 Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.

Tarefa 3: Criterios de avaliación

CA3.1 Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.

CA3.2 Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.

CA3.3 Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.

CA3.4 Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.

CA3.5 Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.

9. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso



A biblioteca tivo un papel importante neste proxecto. Foi deseñado por dúas profesoras que forman parte do equipo; planificaron a materia complementando a formación de persoas usuarias que recibiu todo o alumnado de 1º ESO.

En primeiro lugar hai que destacar que este foi o espazo onde se levou a cabo este proceso. Na hora desta materia dúas aulas de 1º ESO xuntábanse para desenvolver as actividades propostas. Porén non só se concibiu a biblioteca coma un punto de encontro senón tamén como un centro de recursos; empregáronse diferentes materiais: libros, ipads, trípodes, legos, material funxible, o laboratorio de radio... Ademais en cada sesión este espazo era o seu laboratorio de aprendizaxe onde aprenderon a levar a cabo unha proposta de investigación. Neste [enlace](#) pódese ver un dos últimos días de clase deste curso.